



MÁSTER EN ESTUDOS LINGÜÍSTICOS

TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

Comisión académica do día 13 de abril do 2010

Artigo 3.1. modificado na Comisión académica de 16 de novembro de 2010

(Adaptación ao máster da Resolución Reitoral do 11 de decembro de 2009, sobre TFM en titulacións de Posgrado reguladas polo Real Decreto 1393/2007)

1. O traballo de fin de máster (en adiante TFM)

1.1. Segundo aparece recollido na Memoria do programa do Máster, o TFM consiste na realización polo estudante dunha memoria ou estudo no que desenvolve os coñecementos adquiridos no máster e aplica as competencias adquiridas, en particular as vinculadas coa iniciación ás tarefas investigadoras.

O traballo consistirá nun ensaio de entre 10000 e 12000 palabras que demostre a capacidade do estudante para realizar reflexións, análises e descripcións lingüísticas. Nesta memoria exploraranse facetas ou aspectos dun tema, problemas ou cuestións abertas, polémicas, etc. dunha materia de investigación específica. Será un traballo persoal, de análise comprensiva dun tópico concreto, con fontes bibliográficas adecuadas e con indicación dos recursos empregados para conseguir os obxectivos.

1.2. Formato da memoria:

Como norma xeral, a memoria constará das seguintes partes:

- a) **Introducción:** na que se identificará o campo xeral da investigación, as características do tema analizado e os obxectivos perseguidos
- b) **Corpo do traballo:** con indicación do deseño dos materiais, propiedades da mostra empregada (no caso de ter aplicación práctica), variables ou parámetros examinados, achegas máis importantes, comentarios sobre os resultados, explicación dos mesmos, etc.
- c) **Conclusión:** resumo das ideas principais e suxerencias sobre posibles ampliacións, futuros traballos ou liñas de investigación
- d) **Referencias bibliográficas**

1.3. Número de créditos: 12 créditos obrigatorios

1.4. Director e Tema

- a) O director do TFM será un profesor que imparta docencia no máster en *Estudos Lingüísticos* e a súa función consistirá en orientar ao alumno na realización do traballo, supervisalo e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
- b) O director coidará de que o tema do TFM poida ser completado polo alumno no número de horas correspondentes aos 12 créditos ECTS que ten asignados esta materia no programa de estudos.

1.5. Notificación á Comisión académica: o estudante remitirá ó Coordinador do programa antes do día 1 de maio de cada curso a seguinte información:

- a) Identidade do estudante (con sinatura)
- b) Identidade do Director (con sinatura de aceptación)
- c) Liña de investigación á que se adscribe o TFM
- d) Título provisorio do traballo

2. Matrícula: seguirá o procedemento indicado na Resolución Reitoral do 11 de decembro de 2009

3. Realización e presentación do TFM

3.1. Prazo de presentación

A Comisión académica do máster aprobará e publicará as datas concretas do período de defensa dos TFM. Na convocatoria ordinaria anual a data límite de presentación (entrega do traballo) será o 30 de xuño de cada curso.

Na convocatoria extraordinaria de febreiro do curso seguinte, a data límite de presentación (entrega do traballo) será o 15 de xaneiro.

É requisito imprescindible para a presentación do TFM ter superadas tódalas materias do máster e estar matriculado dos 12 créditos correspondentes a esta materia.

3.2. Entrega de documentación

Tres copias do texto deberán ser entregadas na secretaría do departamento de Lingua española, co visto e prace do director do traballo.

4. Tribunais do TFM

4.1. Recibida a notificación das liñas de investigación e das áreas temáticas específicas correspondentes aos traballos de cada curso, ás que se alude no apartado 1.5, a Comisión Académica do máster nomeará, a proposta do Coordinador, tantas comisións avaliadoras como estime necesarias, en función do número de traballos presentados e das áreas temáticas. Para a composición destes tribunais teranse en conta tanto os campos de especialización do profesorado coma as liñas dos traballos previstos.

4.2. Cada tribunal estará composto por tres profesores da USC con docencia no máster. Segundo a normativa da USC, o director non poderá formar parte da comisión avaliadora. Neste máster é preceptivo que o director emita un informe escrito, segundo se establece no apartado 5.3.1

4.3. De ser preciso por mor da especialización do tema, o tribunal poderá solicitar a un profesor que non forme parte do máster a emisión dun informe escrito coas características indicadas no apartado 5.3.1.

4.4. En cada tribunal será nomeado un Presidente, a quen corresponde a convocatoria das sesións de defensa dos traballos, como se indica no §5.1.b). O Presidente terá en conta que o período de peche de actas do TFM remata o 30 de xullo de cada curso.

5. Defensa do TFM e cualificacións

5.1. Citación para a defensa

- a) Á proposta do Coordinador do máster, a Comisión do programa determinará a comisión avaliadora que cualificará cada traballo presentado, en caso de existir varias.
- b) O presidente da respectiva Comisión avaliadora acordará e notificará a cada alumno o lugar, día e hora fixados para a defensa do traballo, con cinco días naturais de antelación á data sinalada para a defensa.
- c) O coordinador do máster fará público o calendario completo de defensas

5.2. Exposición

- a) A defensa do TFM será realizada polo alumno en sesión pública, mediante a exposición oral do seu contido ou das liñas principais do mesmo, durante o tempo máximo especificado na citación para a defensa.
- b) O alumno contestará cantas preguntas e aclaracións lle formulen os membros da Comisión avaliadora.

5.3. Avaliación do TFM

5.3.1. O director do TFM realizará un informe no que valorará, en termos cualitativos, sen puntuación numérica, os seguintes aspectos:

a) Calidade do traballo:

- cumprimento dos obxectivos propostos
- fiabilidade na utilización das fontes
- adecuación das análises, interpretacións dos datos e/ou solucións aportadas
- argumentación consistente (ausencia de superficialidade, vaguedade, meras opinión persoais, etc.)

b) Presentación do texto escrito:

- lexibilidade, redacción e ortografía, precisión léxica
- estrutura da memoria, organización de párrafos, formato de tablas, exemplos ou ilustracións

Asemade, o director poderá especificar as incidencias existentes no proceso de realización, se as houbera.

5.3.2. Cualificación segundo os criterios de avaliación

Os membros do tribunal realizarán un informe no que avaliarán numericamente (de 0 a 10) os seguintes aspectos:

a) Calidade do traballo:

- cumprimento dos obxectivos propostos
- fiabilidade na utilización das fontes
- adecuación das análises, interpretacións dos datos e/ou solucións aportadas
- nivel de profundidade acadado no estudio do tema
- argumentación consistente (ausencia de superficialidade, vaguidade, meras opinión persoais, etc.)

b) Presentación do texto escrito:

- lexibilidade, redacción e ortografía, precisión léxica
- estrutura da memoria, organización de párrafos, formato de táboas, exemplos ou ilustracións

c) Presentación oral: concisión, claridade, explicación do traballo, intervencións de resposta ás preguntas do tribunal, etc.

A cualificación final outorgada por cada membro do tribunal ao TFM obtense de acordo coa seguinte ponderación dos criterios antes citados:

a) Calidade de Traballo (CT) =	60%
b) Presentación formal da Memoria (PFM) =	20%
c) Presentación Oral (PO)=	20%

A cualificación final obtense como media das cualificacións outorgadas polos membros do tribunal.

5.3.3. Proceso de avaliación

A avaliación dos TFM realízase de acordo cos seguintes pasos:

- a) O Director do traballo entregará na Secretaría do departamento de Lingua española, en sobre cerrado, nos tres días seguintes á entrega da documentación (§3.3), o informe mencionado no §5.3.1.
- b) O presidente do tribunal remitirá copia do informe aos membros do tribunal
- c) O presidente do tribunal realizará, tendo en conta a opinión dos restantes membros, a convocatoria de exposición
- d) Para a avaliación dos traballos, o tribunal terá en conta a ponderación dos parámetros de avaliación indicada no §5.3.2.
- e) A cualificación farase pública polo tribunal xulgador no prazo máximo de dous días

5.3.4. Cualificacións. Os traballos deberán ser cualificados conforme ao establecido nas Normas de Xestión Académica e terán as seguintes cualificacións:

0-4,9	Suspenso (SS)
5.0-6.9	Aprobado (AP)
7.0-8.9	Notable (NT)
9.0-10	Sobresaliente (SB)

Matrícula = o traballo máis destacado de entre os que tiveron cualificación de Sobresaliente

Sobresaliente = realización excelente con só pequenos erros

Notable = realización por riba da media, pero con algúns erros

Aprobado = satisfactorio, pero con deficiencias significativas (cumpre os criterios mínimos para a concesión de créditos necesarios para a obtención do título).

Suspense = require de máis traballo para a concesión dos créditos

a) Unha vez celebrada a última sesión para a presentación dos traballos de fin de máster do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse *matrícula de honra* a aqueles traballos que obtiveran unha cualificación superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado en TFM no programa de *Estudos lingüísticos* no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra.

b) Cando se constituía un único tribunal, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan

c) Cando se constituían distintos tribunais, será a Comisión académica a que, rematada a avaliación dos traballos polos tribunais, decida e outorgue as matrículas que correspondan.

d) A concesión de matrículas de honra farase constar nunha acta elaborada ao efecto, que será asinada polo coordinador do máster e que será remitida á Unidade de Xestión académica correspondente para que o faga constar no expediente do alumnado.

6. Convocatorias

6.1. O alumno terá unha única convocatoria e unha única oportunidade por curso académico

6.2. Haberá un único período ordinario de presentación de TFM: o mes de xullo

6.3. En febreiro haberá unha convocatoria extraordinaria de presentación de traballos de TFM para aqueles alumnos que teñan o TFM como única materia pendente para rematar a titulación e que estean matriculados no curso académico corresponde a esa convocatoria extraordinaria.

ANEXO: PARA AS VALORACIÓNS DE DIRECTORES E MEMBROS DE TRIBUNAL

a) Criterios de valoración positivas

- Identificación do campo de investigación e do tema
- Habilidade para contextualizar o tema (xustificación da investigación, identificación dun baleiro ou carencia, dun conflito interpretativo, etc.)
- Claridade na presentación de obxectivos
- Coñecemento detallado e comprensión analítica do tema
- Análises minuciosas sobre materiais adecuados
- Tipo e número de variables empregadas
- Comentarios reflexivos sobre os datos
- Estructura lóxica da argumentación

- Expresión fluída e convincente
- Corrección gramatical e ortográfica

b) Motivos para valoracións negativas

- O título (do traballo, dalgún epígrafe) é inadecuado, equívoco para o contido do traballo
- Os obxectivos non están presentados con claridade
- A información proporcionada na introducción non é consistente cos contidos do resto da memoria
- Desorganización na exposición das ideas
- Contidos mal xerarquizados (erros na estrutura do texto)
- Descoñecemento da bibliografía relevante
- Os materiais non están ben seleccionados
- Os datos están mal interpretados
- Os datos están mal presentados
- Abundan as afirmacións pouco claras ou inconsistentes entre diferentes partes do traballo
- Expresión con erros, repetidos ao longo do texto
- Termos vagos ou imprecisos